



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIRECIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47 — OURENSE

ADMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 ,
Número solto	0'70 ,

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampoco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

ROMANCE DA ENTRANA NA CAMPÍA, por XOSÉ LUIS PARENTE.  
O MONTE SAGRADO DOS CULTAS, por MAGARIÑOS NEGREIRA.  
MISCELANEA: O emprazamento de unha celebre estatua calaica, por BOUZA-BREY;  
Compostela na «Lenda Douradas», por C.  
ULTREVA, por MIGUEL ROIG LESTÓN; RUFO P. GONZÁLEZ; CARLOS R. PADÍN;  
XOHAN ASTORGA ANTA; XAIME ISLA COUTO e MANUEL REI LADO.  
DA ALEMÁÑA, por VICENTE RISCO (proseguimento).  
OS HOMES, OS FRUTOS, AS VERBAS, pol-a REDAUCIÓN.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Sanlo Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Vicente Risco

Abogado

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIV ★ Ourense 15 de Novembro do 1932 ★ Núm. 107

## ROMANCE DA ENTRANA DA CAMPÍA

Por Xosé Luis PARENTE.

Vai a entrana da campía  
por corredoiras estreitas,  
esmagoada de cárrega  
de tumbo en tumbo nas pedras.

Vai o carro lentamente  
por corredoiras estreitas,  
deixando un choro na tarde  
com'unha estela de brétema.  
O pescozo atenazado  
pol-a garra das troiteiras  
xeme longo, xeme rouco,  
c'unha cousa d'alma en pena....  
Muxen os bois com'un eco  
do berro da prisoeira  
i-o ouro vello da tarde  
colle un pano de tristeza.....  
Hai algo de maldizón  
n aquela nota irredenta  
da branca gorxa de vido  
entr'as garras das troiteiras.

Onde ván os vidueiros?!.  
Qu'é d'aquelas carballeiras?!.  
Quen te viu e quen te ve  
carne da touza galega!?

Quen te recorda de moza,  
verde, frondosa i-ergueita;  
cando baixo os teus douseles  
falaban nas asambreiras  
craros varós de xustiza,  
valentes homes de guerra!;  
cando orlaban tuas follas  
a pagania das festas  
nas que a ceibe mocidade  
bordaba ledas muiñeiras;

cand'o ar inmaculado  
bruando na tua peneira  
enchia os foles das gaitas  
i-as entranas dos poetas,  
que marchaban polo mundo  
levando a alma galega,  
rendendo liras de reises  
e curazós de princesas!

Quen t'ademirou fragante  
no teu escano de reinal....  
Quen te ve murcha i-escrava  
con carrancas é cadeas!.  
A voz que cantou na musa  
do sabio rei de Castela  
é hoxe rouco xemido  
d'unha cautiva irredenta....  
Apertante desdoidos!.  
Vótanche a cárrega alteal.  
Lévante de tumbo en tumbo  
por corredoiras estreitas!

Alzai o eixe galegos  
qu'inda ten savia a madeira!..  
Volvel a alma ó regazo  
dos verdes campos da Céltiga!  
Galegos os de Galiza!.  
Fillos da pátrea galegal:  
Votai a entrana no agro,  
qu'está impaciente d'espera.  
Xurai todos libertalal  
Xurai todos defendelal.  
Idelle decir ó Mundo  
qu'a escrava volve ser reina!

Cada labrego un soldado!  
Cada guerreiro un poeta!



## O MONTE SAGRADO DOS CELTAS

Por MAGARIÑOS NEGREIRA.

O vento que galga pol-as lombas do Corzán, trai ainda sabor de algas atlánticas. As erbas longas das brañas, abalan con movemento de ondas mariñas, que morrean brandamente nas praias, e as gándaras espidas, fuxen n-a lonxanía como un mar afundido n-o hourizonte.

O Corzán, é un mar sin auga, perdido n-a soildade. Os toxos e as carrouchas, enverdecen a paisaxe e satúran-a de monotonia, como un leit-motiv cromático, que á forza de repetirse, chega á adormental-a retina. O Corzán, está cheo de lendas, de misterios, de lembranzas históricas. Monte sagrado dos ceitais, lle chamou Murguía,

Allí, n-as antergas fragosidades, criouse o mórdago, que rememora as poéticas e lendarias prácticas panteistas, n-o claro das carballeiras, en noites de luar. Queda ainda pra atestigal-o, a maravillosa mámoa de Espiñeredo, de oito grandes lousas, ateigadas de siños e dibuxos misteriosos, que agarda impasible á quien queira escutarille o segredo das suas confidencias históricas. Días, anos e séculos pasaron acarriñando o manto de musgo d-aquelas vellas pedras célticas; e o vento adoecido das invernias, e a choiva asolagante do travesío, ainda non poiden-o esvair o arume secular do visco sagrado

Os tamaricos, poblaron noutrora, os desérticos chans do Corzán. Entón, non salocaban soildades as arpas eólicas dos pinos solitarios, nin os corvos fuxian acadando paisaxe, nin a tristura das peladas lombas fendia o lonxano ceo azul. Verdecentes carballeiras e zoadores piñeirales, soavizaban o hirto panorama. Rebumbio de xentes curtidas pol-o sol, pol a i-auga, e pol-a loita,

amostraban os corpos louros e fortes, ateigados de pechadas fridas. En cada claro do bosque, unha ergueita mámoa, agardaba as noites de plenilunio pra servir de ara á aquél misterioso culto druídico, esquencido n-a escuridade dos séculos. Aldeas mestas, de casas circulares, servían de acougo á primitivos grupos patriarcas, de sinxela moral e ríxida disciplina familiar. Rechouchío de paxaros, barullo de voces, murmurio de augas, e zoar de ventos, cantaban á Natureza, n-a sua forza estoupane de vida e saturada de relixioso panteísmo.

Pero aqueles ecos, esvaironse, perdidos n-as vaguedades dos tempos prehistóricos.

Hoxe, o Corzán, envolvento en vagarosa e triste soildade, é, somentes, arcano de lembranzas. Pedras antergas, guindadas entr-os piornos e toxerias, erguidas nos cumes, ou semi afundidas n-os brañales. Valados circulares, cubertos de cunchelos e chuchameles, restos inmorrentes de vella citania. Castros evocadores de loitas titánicas. Espetados menhirs que semellan xigantescas estátuas de pedra. Todo silenzoso e quedo. A Historia, parece dormir n-o Corzán.

Corren, en troques, lendas tráxicas e misteriosas pol-a ríxida chaura; contos medofiantes de lobos e ladróns; relatos de pantamas, defuntos e aparecidos. O viaxeiro inglés Jorge Borrow, que n-o ano 1837, se perdeu unha noite de luar, n-os chans de Corzán, describe n-as suas memorias a desolada paisaxe, e conta o medo arrepiante que as xentes sentían pol-a Estadea.

N-os días calmos, o vento maino, asubia melodías n-o oco dos penedos, e n as abalantes guias d'as xestas, pero en tempos de

invernía, asemella ouvear de lobos adoeidos. D'aqueles lobos d'antano, que deixaron lembranzas tráxicas n-a tradición e n-o folklore.

A silueta d'as lombas, pérdese n-a lonxanía esvaida n-a brétema. Grandes nubes pardas, dormen deitadas n-os cumes, apreixando a penedía máis outa. A ollada, vai esmorecendo n-as suaves liñas curvas que os chans alongan deica morrer n-o confín.

Rompe o silencio, vigoroso troupear de manadas mestas de cabalos bravos, que co-as testas baixas e as crins flotantes, fenden o vento c-o seu galopar vertiginoso. Son animais que viven en libertade dende fai miles de anos; vestixio vivente d'os tempos

célticos. Conta a tradición que os descendentes de Hiar, fillo de Brigo, levaron esta raza sufrida e forte á Irlanda. Fala d'eles con alabanza Silio Itálico, e Justino, di que eran tantos e tan lixeiros os cabalos de Galicia, que non sin razón parecían fillos do vento.

O Corzán, ten perspectivas de maxestuosa visualidade. É unha paisaxe amplia e descuberta, sin minucias que entretetan a ollada, nin perifollos de pintura naturalista. Unha paisaxe, ademais, virxe do turismo, que encerra tesouros prehistóricos, quasi descoñecidos dos investigadores. Por eso é más fonda, mais cordial a emoción pantesita que se sinte n-aquél que foi monte sagrado dos celtas.

## M I S C E L A N E A

### O EMPRAZAMENTO DE UNHA

### CÉLEBRE ESTÁTUA GALAICA

**N**a «Historia del Apóstol de Jesus Christo Santiago Zebedeo» (Madrid, 1610) de Castellá Ferrer, aparece por vez primeira, no folio 159 v., referencia a unha estatua de guerreiro galaico atopada no Castro de Rubiás, non lonxe de Aranxo e do Mosteiro de Celanova, cuia imaxe tiña o epígrafe ADRO NO VEROTI F. i-era de igual feito das conservadas hoxe nos Museus de Lisboa e Guimaraes.

Ista nova aparece tamén no «Sumario de las antigüedades romanas...» (Madrid, 1832) de Cean Bermúdez, concretando o hachadego ó «Castro de Rubiás o Rubión, distante una legua al norte de la iglesia de Santa Comba».

Hübner na sua obra clásica repite o devandito tómāndoo de Castellá; e Cuevillas nos comentarios ó Castro de Rubiás, no «Catálogo» dos da terra de Celanova feito

pol o Seminario de E. G. (Cruña, 1928), entende non ser doada a identificación tópica, mais por ser semellante o nome e non existir outro pol os arredores debe ser atribuído ó Castro de Rubiás o guerreiro referido.

Mais precisa que as relatadas descripcións é a referencia por nós topada, con ser a más antiga, pois corresponde ó século X. Figura na doación que Odoño fixo no ano 982 ó mosteiro de Celanova da casa de Santa Comba, documento insinúe que transcribe López Ferreiro na sua magna «Historia de la S. A. M. I. de Santiago de Compostela», na pág. 176 dos apéndices, e dí:

«...quomodo dividet cum uilla sancta columba, ermigildi et atanes et tranzit limia ad patrono intra mogaynes et sancta columba et feret in arca tras limia ad casam de domno et per suis términis ubi inueneritis lacos anticos et mamolas. Vno laco qui est

tras limia unde uenit liniolo qui tranzit, per limia et uenit inter sancto martino de Cáli-das et feret in cima de villa ad alio laco maior per suo liniolo *ubi iacit effigiem hominis sculpta in petra* que testificat de laco in laco, et inde per suos moliones firmissimos ad arca maior ad castro de uemes et ait tor-nat...» etc.

Un experto conocedor dos lugares da demarcación podería seguir ésta e quezaves non lle fora dificultoso topar ca estatua do guerreiro calaico que estará no chan tombada e non ergueita, sin dúbida.

Cima-de-Vila citado no documento é ainda hoxe un logar da parroquia de Cadós. Dempois de pasar por él, indo dos Baños de Bande e antes de chegar ó *castro de Vemes* e ainda, aqtes de éste, á un moimento me-

galítico chamado arca Maior, caso de que eisista, emprazábase a figura do guerreiro calaico.

De que é a mesma estatua a citada no documento do Cartulario celanovense e a que os aludidos eruditos reseñan non pode caber dúbida posto que o ámbito á que se reduz e o mesmo señalado por eles; outra eficie de home non é razoabel supola por inespricable como non se tratase de outra análoga, tamén de guerreiro calaico, que non hai fundamento pra buscar.

E por si puidese acrarrar o actual paradeiro de moimento tan intresante, velaiqui fican istas novas dadas na décima centuria, has-trá agora esquenidas polos eruditos esculcadore-s do noso pasado.

BOUZA-BREV

## COMPOSTELA NA «LÉNDA DOURADA»

**L**ENDO as páxinas que o benaventurado Xabobo de Voragine adica na sua soada obra á San Pedro o Novo, mártir, atopéi o relato de un miragre, que ten pra nós o intrés de estar localizado na vila de Sant-Iago. Por se algún leitor sinte curiosidade de coñecel-o o testo do piadoso arcebispo de Xénova, reproduzo á continuación.

«Había na cidade de Compostela un home, chamado Bieito, que tiña as pernas abalou-fadas coma pelexos dé niño, o ventre igual que o de unha muller preñada, o rosto desfigurado por un tumor horribre e inflamado de tal xeito todo o corpo, que semellaba un monstro horroroso. Camiñaba a apoiarse n'unha binguela e pedía esmola; un dia imploró a caridade de unha dona que lle dixo:

«No estado en que te atopas, a morte sería un beneficio pra tí; sigue o meu consello: vai ó convento dos irmáns pregadores, e confesa os teus pecados, invocando a asistencia de San Pedro». Chegouse á mañá seguinte ó convento e, como atopase a porta pechada, tumbóuse diante e ficou dormido. I eis que un home de aspeito venerabre e cuberto co hábito dos irmáns pregadores aparecéluselle i, estendendo sóbor de il o seu manto, fixolle entrar na eirexa. E o mendigo, ó despertarse, alcontróuse no interior do templo e notou que estaba compretamente guardado. E foi enorme o asombro da moitedume cando veu compretamente ceibe das suas lacras a un home cujo estado era tan miserabre».

C.



## D A A L E M A Ñ A

## IV. MUSEUS DE BERLÍN

POR VICENTE RISCO

(Proseguimento)

Despois hai unha chea de monos grandes e pequenos que mete medo. Todo *Bandar-Log*. Teñen unha enorme gayola-casino (*Gesellschaftshäfig*) pra juntárense e daren leccións prácticas de ginasia ao mundo moderno qu'os considera dend'afora.

Logo os paxarós. Coido que todo papagaio, pol-o mero feito de selo, é de dereito cibdadán do Brasil, e todo paxaro zancudo, súbdito japonés. Grande parte da arte xaponesa débese ás aves zancudas, senón resulta o contrario, porque se lle damos tino á Oscar Wilde n aquello de qu'a natureza remeda á arte, teríamos que concruires qu'a arte xaponesa débese á existencia das aves zancudas. Se fora asina, moito teríamos que



Macaco do Zóo

ll'agradecer aos pintores de Kakemonos, por qu'as aves zancudas son do más lindo que hai no mundo. Son en realidade, seres d'alta pantesia. Alta e pródiga. Moitas d'estas aves andan ceibes, no grande lago na veira do qual toca a *Kappelle wunderbar* de Fran Tornegg, frente ás terrazas cheas de mesas d'un enorme café, ond'asegún o Canedo van pasal o tempo todal-as patroñas e donas de *Zimmern zu vermieten* de Berlin. Mais enriba hai un restaurant bastante elegante, con orquesta e praça de baile ao ar libre, anque tamén se pode bailar adentro. As aves já están afeitas e non fan caso ningún d'iste púbrico. Elas poseen unha beleza, unha elegancia de formas e movementos integralmente natural, son engebrés obras d'arte viventes, a carón das quales, istos arredores de té danzante resultan d'unha probeza lamentábele.

Os papagaios, co seu luxo de coores, pertencen á seízón barroca da natureza, que sigue prodigando os seus estilos: chinesco nas aves do paraíso, expresionista no paxaro rinoceronte, clásico nas águias e nas raposas.

Leós, tigres e demás feras son coñecidas de máis. Sirven pra lembrar o libro de Rudyard Kipling. O que m'asombró foi o gran



Rilladores do Zóo

oso gigante d'Alaska. Un oso pardo, coor escuro, talla, asegún a *Führer*, 2'55 metros, peso 800 libras. Na miña vida vin oso tan fenomenal; semella unha montaña peluda que se move. Móvese, co fuciño en terra, arredor da jaula, e pón medo; erguese en dous pés, e pasma a sua grandeza disconforme; abr'os brazos e semella que nos vai coller á todos e nos vai apachucar contr'o peito coma ratos. É ben más grande, ten

por dous, do alifante do Congo; é tan grande com' o alifante da Rhodesia.

Despois as zebras raxadas e pintarrañadas, os cabalos salvages, os poney's; os onagros de Persia que cazaban os sasánidas, qu'ás veces enganchaban nos carros, dos que dician de se tiñan un corno com' os licornios, dos qu'ás uñas teñen virtudes mágicas;



Zancudas do Zóo

cas; os búfalos de Borneo; os búfalos bermeiros da Africa, propios pra lembrar as empresas tan singelamente referidas no libro de Teixeira de Vasconcelos; os carabaos das Filipinas e das illas Malayas; os bois zebú da India, brancos, co-a sua joroba e os seus cornos pra riba e pra trás, os bois sagrados dos brahmans; os bisontes de longas barbas com' as cabras e jorobas com' os dromedarios; os dromedarios e camellos; os llamas e as gamuzas; os antilopes e gacelas fermosísimas; o gnu, image do fatal catoblepas, cujos ollos non pod'un mirar seu morrer...

E digo eu: o P. Feijoo gastou unha man de tinta pra probar que non existia o catoblepas. Despois, as esporas descubriron a existencia do gnu, que corresponde na sua apariencia externa bastante ben á descripción que do catoblepas fixeran os autores antigos. Non se sabe, porén, que mirar os ollos do gnu, teña causado a morte de ningunén. Mais non estamos libres de que, se cadra o dia de maña nou se comprobe algún caso, e de que resulte qu'algúns individuos d'esa especie posean esa tristeira propiedade. Encomenzada a comprobación da verdade da fábula, porqué non ha chegar deixa ó fin?

As girafas, com' as zebras, son de puro estilo africano; acaen perfeitamente co-a arte negra. Unha estupenda estilización animal,

## NÓS


dina dos pintores prehistóricos, e o gerenuk d'Abisinia, verdadeira mistura de girafa e gacela.

O capítulo dos cervos está moi ben representado. Hai ali lindismos animais da nosa Jungle europea, da India e de Siberia, d'Africa e de moitos más sitios. Das bestas de catro pés, os veados e os antilopes son os úneos que se poden pôr en elegancia co-as aves zancudas. O estilo é o mesmo, ou moi emparentados. Cecais os cervos representan o gótico antigo dos estilos da natureza.

Hai renos, pra qu'os prehistoritas con imaginación vaian aló, soñaren cos caçadores quaternarios e pintadores de covas; hai pitas e pombas de nobres castes e prumagens de pantesia; hai cabras e ovelhas; hai cás.

Paréceme que foi ond'os cervos onde vin un gran cabrón enorme, de longos cornos expresionistas e barbas canosas. Estaba durmindo, non sei se por non amostrar os ollos. Pasando onda il, lembreime do *Hircus Nocturnus* (meigas foral) do Brocken e de Walpurgis.

Pol-o derradeiro, n-un tanque anda nadando unha parexa d'enormes hipopótamos que se botan na y-auga con tal pulo que mollan á gente qu'os vai ver. Remexen na y-auga, afündense e volven sair, ou non sacan máis qu'os grandes fuciños inflados, ou abren as bocas coma s'abre un baúl, amosando dous dentes coma cornos. E más aló



Zancudas do Zóo

adiante, as focas e as morsas, as morsas que s'imitan todas ao gran Príncipe de Bismarck. E ainda hai máis cousas.

Non hai maneira de perdelo tempo no Zóo. O mundo animal de cote lloferce a un ensino e enseño.

## AQUARIUM

No Zóo se non esgota o reino animal. Pra iso temos ali d'un lado o *Aquarium*, que son tres andares: *Aquarium*, *Ophidiarium* e *Insektarium*.

A instalación é estupenda. No baixo, hai unha galería escura que dá a volta todo arredor, e d'unha banda e d'outra da galería, as cristaleiras alumeadas por adentro que deixan ver as piscinas e os peixes nadando na y-auga. Estranos e fermosos peixes. Se pantesia despendeu a Natureza por riba da terra, máis ainda debaixo da xerfa do mar. Hai peixes d'ouro e de prata, outros que se-mellan cobertos de brilantes, de zafiros e de topacios; hainos d'un bermello brillante, ou de varias coores, ou raxados, ou pintados.



Tucán do Zóo

Teñen formas rarísimas, dend'o fermoso *Pterophyllum scalare*, que semella cousa de bruxeria, e o espiñento *Chilomycterus schöpfii*.

Hai polbes, careys, caballos de mar, cangrejos hermitaños, e toda caste de bestas mariñas ou d'auga doce, ata chegarmos á formas indecises, que já non se sabe se son peixes ou son anfibios, peixes con pernas e pintigas sen elas, figuras que dan congoxa, qu'ainda vénhoas pintadas, vai un pasando, máis vénhoas reás e viventes, desacougan, e decide un de vez contra dos escepticismo do P. Feijoo, porque sospeita un qu'a creación é inesgotábele, qu'a Natureza non ten lindieiros, porque nonos hai pr'a mau qu'a move, pra a qual non hai imposibilidades de

ningunha caste, qu'o mundo é un abismo que somentes aquela mau pode encher.

Rubimos pr'ond'os reptiles, e ollamos novas maravillas. Hai alí novos aquariums e terrariums dispostos do mesmo geito qu'os d'embaixo, d'unha banda e d'outra da galería escura.

As más abondosas son as cobras e serpentes, de todas castes, coores e grandores. Gran pantesia d'arabesco nas peles: en gris, en pratá, en ouro, en marelo, en leonado, en marrón, en verde esmeralda, en verde sucio, en coor de ferruxo, escalrata, en coor de viño, en azul. Hai serpes de pel lisa, coma metal pulido; outras de cintilar cambante, coma s'estiveran cobertas d'abalo-rios; outras aterciopeladas e mate; outras co brilo discreto do raso fino. Eu lembrábam da coñecida adevidanza:

«Unha señora deitada n'un prado,  
vestida de pano labrado;  
non era pano, nen era seda,  
e o qu'a vê, pasmado se queda».

Están deitadas, com'adormentadas da calor, encollidas, co longo corpo retorto en ángulos e circos e figuras, ou envoltas nas gallas da ramallosa, ou meio soterradas na area, ou solagadas na y-auga. Ás veces hai moitas juntas, revoltas e entrambilicadas unhas nas outras; hainas qu'andan misturadas cos lagartos.

Vín víboras alemás. Vín a serpe de *casa-cabel*. Vín a terribele *Jararaca* brasileira. Vín a serpe coral. Vín a *Amphisbena alba*. Vín as enormes pitós, e a formidábele *Anaconda* do Brasil, que por certo, con ser tan tremenda, non me resultou tanto coma m'a pintara nos meus tempos o capitán Mayne Reid.

Por fin, cheguei diante da serpè de Brahma, a cobra capella, qu'ali estaba c'outras compañeiras, parte do corpo ergueito, a cacha estirada, amostrando os anteollos, o sinal que Brahma lle puxo no corpo, terribele, asañada, enfurecida. Unha señora qu'a estaba ollando, emprincipiou á acenarlle co bolso que levaba na mau. A cobra botábase com'unha centella, c'un movemento súpeto de corage; botábase pra diante, com'unha flecha que se fose chantar na mau da provo-

cadora. A dona repite tres ou catro veces o chiste co mesmo resultado, e nisto, d'enriba caiu unha presiana que tapou inteiramente a cristaleira, e concuriu o divertimento. Gracias ao qual, vin eu sen perigo de que geito ataca a serpe sagrada. En troques non puiden facel-o esprimento de facela beilar.

Agora, e já qué citei enantes ao P. Feijoo, por qué non hei citar agora á D. Jesús Rodríguez López? Iste autor di qu'o de qu'as cobras mamen nas vacas e máis nas mulleres, non pode ser certo, porqu'as cobras, pol-a conformación do bico, non poden pratical a succión. Ora, é un feito coñecido qu'ás cobras sagradas na India, pónellen os devotos, com'ofrenda, unha cunca de leite. Pois se non poden mamar, por non poderen pratical a succión, cómo é que poden beber? Porque brazos non teñen pra ergueren a cunca e bebera por decantación coma facemos nós. A non ser que fagan com'as pitas, sen teren peteiro, ou qu'elas teñan un geito especial de beber, tamén o poden ter de mamar. E ben sabido é as evolucións que fan co esófago pra engulirem, de maneira que tamén poidera ser que por medio de contracción do esófago, zugaran o leite dos tetas das vacas e das mulleres, meténdoos moi adentro na gorxa, cousa que sen dúbida poden facer.


Hai moitas castes de lagartos, lagartos espíños, com'o *Zonurus giganteus* do Sul d'Africa, e lagartos dos outros. Ningún me fixo o efecto de estrana friage com'o *Varanus komodoensis* das illas malayas, longo de 2'20 metros e todo liso. Semella mismaamente un sobrevivente do tempo dos saurios gigantescos, millor ainda qu'os cocodrilos. Os cocodrilos son cousa coñecida já, namentres qu'iste ser desacougante aínda foi descuberto n iste século. Eiqué teño que lembrar a tradición galega, recollida por min en máis d'un sitio, e dada coma posible por persoas ben asistidas e cultas, d'esistiren ou teren existido na nosa terra lagartos d'un grandor considerábel, senón tanto com'o *Varanus komodoensis*. Coistes lagartos imensos de Galiza relaciónanse dende logo os lagartos heráldicos dos Louzadas.

Sapos e rás, hai cousas lindas. A *Hyla arboreas*, d'un verde ledo e brillante; a *Hyla faber*, moi grande e de cor castaño; rás verdes e negras, preciosas; sapos gigantes cos, en especial o *Bufo marinus*, que cand' está recollido, semella un d'aquiles bolsos de señora que se levaban hai poucos anos.

Despoixas, hai o demo de sapos conchos, tortugas enormes, a tortuga Aquiles, etc.

Pra min é merecente de capidoo especial o camaleón.

Eu son curioso d'estes seres indecisos, de dúplex natureza, seres fronteirizos, ou de reino aparte, ou que repiten adentro d'unha división formas correspondentes á outra división. Por exemplo, os armadillos repiten formas de reptil adentro dos mamíferos; os



Cervos indos do Zoo

muricegos, adentro dos mesmos mamíferos, repiten formas das aves; o camaleón repite as formas dos monos, adentro dos réptiles. Isto, que non ten nada que ver co darwinismo, pode ser un caso da lei das correspondencias, e ademais pód'abrir novos vieiros á síntese científica, o qual había ser, ao meu ver, moi más ageitado ao feito que hoxe vai collendo a cencia, a qual, coscentemente ou non, encomenza já á aprical-o método fisiognómico, qu'endejamás había estar millor no seu lugar que na interpretación das formas animais.

O camaleón é o simio dos réptiles, nas suas formas e nos seus movementos, no geito de trepar pol-as ponlas e de s'agarrar á elas co as catro mans e co rabo.

Das iguanas e basiliscos non quero falar. Desacóuganme e danme soños inquedos, co'm'o tardo.

No meio da galería, hai unhas portas; entrando por elas, atópase un o-unha ponte botada riba do paseo central, coberto d'outo teito de cristais e cheo de plantas dos trópicos, tanto de Cáncer coma de Capricornio. Non ben un entra, já encomenza á sudar á fio; a calor lenta e pesada, com'a que din que vai na illa de Java, tolle o alento; é unha calor qu'abafa. Estamos n'unha zona tórrida artificial. N'efeito, abaixo hai unha preguiceira corrente d'auga tépeda en cuia veira de terra mollada, debaixo da foliateira tropical, embórcanse unha chea de cocodrilos cheirentos qu'un pod'ollar ao seu geito dend'a ponte de pau, namentres botan a sua longa siesta de nugallans desterrados.

Imos logo ao Insectarium. Ao despedirmonos d'iste andar, ollamos un fermoso e pantástico peixe japonés, todo envolto en gasas, con manto e cola de cendal transparente, com'unha noiva que vai casar, que avanta na y-auga abanando os seus veos ao geito da Salomé qu'ensohou á fin de século, ou da volvoreta alumeadas de reflectores cooreados que pechaba as funciós do primitivo cinematógrafo Lumière. Non coñezo o nome científico d'iste peixe; somentes lle sei o nome alemán: *Schleierschwanz*.

Ainda vin ali preto peixes da China, d'expresión mongólica e barbas chinescas, que confirman o dito en col das faunas, dos homes e das artes, ao tratarmos do Zoo.

Do Insectarium, irei nomeando:

A larva anguiliforme do *Vieljuss* (*Spirostreptus spec.*), negra e serpentaria, da África oriental.

Vermes verdes, cooreados de mil maneiras.

O estupendo *Phyllum siccifolium*, de Ceylán, grande inseito de cinco pulgadas de longo, inteiramente igual qu'unha folla de carballo verde, coma que, posto com'está na pónla d'un carballo con follas, traballo custa distinguilo. Ata as patas son follosas. Todo il é d'un feitio cumpridamente vegetal. Novamente unha repetición de formas vegetais superiores adentro do reino animal, sen qu'isto responda ao darwinismo, nen moito

menos, senón ao mimetismo; ora qu'o mimetismo, pol-o qu'a natureza remédase á si mesma cando lle convén, é un d'ises fenómenos misteriosos qu'a cencia non atina á espicar, e que de tal geito trascenden toda esplicadeira causal, e de tal geito fan matinar na finalidade e na ordeación inteligente das cousas, que devera desconcertar ainda más do que desconcerta aos sabios mecanicistas, bioquímistas e agnósticos.

O raro *Blabera fusca* de Sudamérica.

A espantosa *Vogelspinne*, horrendo aranón americano (*Avicularia*), enorme, escura, peluda, canosa, rastreira, co corpo achantado contra da terra, a cintura baixa, c'unha



Cabréon do Zoo

parte do enorme abdomen pelado, calvo e negro, semilustroso, inflado com'unha bota de viño. Hai varios d'istes infernais seres de pesadelo: a brasileira, a pior; outra negra de Santo Domingo, más fina, non tan tremenda. Sexa coma queira, istes arañás gian o sangue nas veas dos qu'as están ollando; a úneca verba que sai dos seus beizos, é:

—Schrecklich!

Andaba un empregado abrindo as caixas de cristal nas qu'están pechados os inseitos, pra regal-as plantas dos terrairos c'unha regadeira. Non pasaba nada. Mais cando abriu as caixas das arañás, todo dios se botou pra trás n-un movimento únâime d'horror e de noxo.

Os escarabellos sagros do Egipto. O Egipto teñ que ser lembrado sempre: co gallo dos babuinos, co gallo dos cocodrilos, co gallo dos hipopótamos, co gallo dos chacales, dos falcóns, dos ibis, dos escarabellos. Dmitri Merejkocoski, sabe algo do que sinalicou nos egipcios a divinización do animal. Nós temos perdido de todo a facultade de comprendermos estas cousas.

O *Eurychnema Goliath* é un inseito da India, que semella un pau con patas. Hai ei-qui n-unha das caixas de cristal uns cantes qu'ainda son larvas, e teñen de longo unha quarta das miñas ben cumprida, e contai qu'as miñas mans son as pezas meirandas do meu corpo. Já no seu grandor de larva, iste inseito é ben más longo qu'as nosas lagartas e os nosos ratos. E nós, os galegos, que presumimos tanto co grandor das nosas vacas louras! Non hai dúbida de que nas terras quentes, o reino animal tende ás formas gigantescas. Pois o *Eurychnema Goliath* adulto, que os hai n outra caixa, mede duas

quartas boas. É cousa ben solprendente: istes *Eurychnema Goliath* semellan diaños verdes. E nono serán? Sabemos ben as influenzas que fan nascer estas formas estranhas? Non collerán corpo n-elas verdadeiros diaños com'os que nascen d'un ovo de gallo negro na nosa Terra?

Eu agardaba ver a barbantesa (*Mantis religiosa*), mais a barbantesa nunca se m'apresentou.

Vin, en troques un enorme saltón brasileiro, dende logo, ben más pequeno qu'o *Eurychnema Goliath*.

As imensas caricolás (*Achatina marginata*) da África occidental.

E pra qué más. Fun collendo nota de todo aquello que feriu a miña pantesia, ou que me fixo matinar. Unhas veces en serio, outras veces en serio semellando broma, fun apuntando as miñas consideraciós e as verdades ou comenzaos de verdades que tirei d'aquil mundo animado e prisoeiro. Agora, qu'as recolla quen poida.

## V. MIUDENZAS DE BERLÍN

### RÚAS

En Charlottenburg, as rúas son amplas, asfaltadas, con duas aceras que cada unha é com'unha rúa d'Ourense, poño por caso. As aceras son de mosaico ou de terra, as más de mosaico de pequenas pedras brancas, com'as que se ven en Lisboa, as veces misturadas con pedras negras. Cada acera ten pol o medio un andadeiro composto de duas ringleiras de grandes lousas de pedra de grá escura, e pol os lados, os circos ou semicircos nos que medran, en unha ou duas fias, os álbres grandes, ben medrados de ponlas más que de tronco, dos qu'os vedor consola, más que nada nos serán de vau, cand'o sol vai baixando e os alumea d'esguello faguendo cintilar as follas, e ven un airío fresco qu'as abala soavemente, con ruxir d'axóuxe.

Dá xenio, n-esas horas, coller pol a Kurfürstendamm abaixo, deica a ponte, e dar logo a volta por unhas rúas raras, estranhas de provincia, que hai por aló atrás, arredor

d'Henrietten Platz, rúas caladas e desertas, e despóis coller por outras cheas de garages de tipo moderno, pra voltar á Gervinussstr. Nos serán, ao baixar o sol, eu facía, en soedade, moitos d'estos viages á pé.

Un itinerario, por eixempro, ir á Wilmesdorferstr, pasar por baixo da gran ponte de ferro do Stadtbahn, sostida en moitas columnas, sintindo tronar por enriba da testa o bronco estrondo dos trés eléctricos, coller logo á esquerda, pol a leda Stuttgart Platz, recendente á jardins, Leonhardtstr, deica dar co edifizo grande e tristeiro d'un Tribunal instalado n-unha plaza con jardís onde jogan nenos, torcer á dereita, por Suarezstr deica o cabo, ond'hai unhas casas d'estilo moderno, sen atopar á ninguén en toda a rúa, dar a volta por Witzleben, igualmente silandeira; indo por ali un serán, pasou riba da miña testa un grande Zeppelin, semellante á un charuto envolto en papel de prata que voase pol o ar c'un zunido d'abesouro. Chegar ao Lietzensee e ali ollar unha migia pr'as barcas e pr'os cisnes. Nos arre-

dores do Lietzensee, ouvíñ cantar aos do Exército de Salvación. Tornar pol-a Neue Kantstr, onde, afundido n-un imenso paseo interior, hai un Colexio e unha eireja de Jesuitas ond'ouvíñ a misa un domingo de chuvia desfeita. Outra vez estivemos ali o Canedo e máis eu, e falamos c'un padre:

—Enantes da Repúbriga —díxonos,— non había n iste barrio máis qu'unha soila eireja católica; hoxe hai sete. O Kaiser botóunos para, e tivemos qu'ir pra Holanda; veu a Repúbriga, e il está na Holanda, e nós estamos eiqui.

A outra Kantstr, é unha rúa ampla e cosmopolita, onde viven moitos chinos, japoneses e balkánicos. É longa e leda; n-ela hai librarias, tendas japonesas e chinescas e restaurants extremorientais; ali está o tan soado *Tien-tsin*, onde fumos ceiar unha noite. Os autos corren por esta rúa coma demos. Collendo por Weimarerstr, chégase á unha placiña romántica, que ten no meio unha eireja ojival moderna, evangélica, a Trinitatiskirche. Pol-o Norte d'ela vai a Goethestr, e pol o Sul, a Pestalozzistr., rúas tranquilas, de casas novas e pouco movemento. Segundo a Kantstr, atravesa un a Savigny Platz, que tén jardíns onde baixo das glorietas d'enredadeira, hai bancos de pau onde se sentan os vellíños, as amas de cría e as nais dos nenos. Eiqui a arquitectura varia moito da da Kurfürstendamm, Wittenstr e rúas veciñas, onde predomina o estilo macizo, o pardo escuro do cemento vello, e o decorado do tempo chamado modernista; eiqui non: as casas son más craras, teñen antepeitos de balagustres, e non macizos, e certa apariencia parisién. Por fin

chega un á Augusta Victoria Platz, o máis seguro, cand'as luces ja están acesas, e aquello ten o seu aspecto lumioso de festa. E já pode un dar volta pol-a Kurfürstendamm, que, sobre todo de noite, cos seus cafés alumeados e con mísica —Café des Westens, Wiener Café, etc.— seus cines —Gloria Palast, Alhambra, Univers, etc.— suas mulleres pintadas, seus vendedores de jornais, tamén seus mutilados e seus mendigos, é collida pol-os escritores coma imagem-resumo da gran cibidade mundial.

O que cobize impresións d'esta sorte, debe máis ben coller o camiño seguinte: Tauentzienstr, co-as suas greas de mulleres ben vestidas e as suas cristaleiras imensas, solprendentes d'efetismo esceográfico e de luz, seus afiches lumiosos de todal-as coores, e o KDW no cabio, grande almacén ond'un se pode precurar todal-as cousas maginábeis, Wittenberg Platz, chea de movemento, Kleiststr. longa, ampla, manifeca; n-ela está a librería ocultista *Inochka*, que vende toda caste de libros antigos e modernos sobre das diferentes materias da enciclopedia das vedadas cencias. Nollendorf Platz, Bülowstr., e logo por Potsdamerstr., pasando a ponte por onde din que botaron á Rosa Luxemburgo, a Potsdamer Platz, o nó do tráfego do Berlín central. Hai ali un tal entrancamiento de camiños e unha de carros, taxis, autos, autobuses, carros eléctricos, bicicletas, motos e gente da pé e non sei se d'acabalo, que semella qu'a praza inteira, con casas e todo, anda a dar voltas arredor de un, e á pouco qu'un se move d'un lado pr'outro, remata por non saber por ond'entró nen por onde vai sair.

## U L T R E Y A

### 1.<sup>a</sup> XEIRA (Misión Biolóxica de Galiza)

#### LÚS VINTEÚN

**D**ESPÉRTAME ás sete e media Manoel Rei Lado, que é o xefe de día, e ás oito xa estou no xardín. Don Alvaro parez que ten moito sono e non baixa, e entón poñémonos á traballar nos diarios Rufo, Isla e máis eu,

entanto os demás fan a ximnasia. Van chegando os xornaleiros da Misión. Un rapaz ven en bicicleta, pidolla emprestada e dou unhas voltas dun sitio pra outro.

O capataz D. Manuel Martínez exprícanos como se inxerta. Eu nunca vira esta operación que parez moi fácil e según nos di Don

Manuel é a más difícil e importante pra os agricultores. Tomo nota de todo e da pasta ou lacre que se emprega pra os inxertos.

Vaixamos á Pontevedra ás dez, todos menos Rufo que se foi pol-a carretera na bicicleta. D. Alvaro incomódase moito por non topalo e decide que nos marchemos sin él. Eu xa sei o carácter de D. Alvaro, que é o meu profesor, e sei que lle pasará o incomodo, pero agora está feito unha furia.

Na entrada da cidade esperámos o Sr. Filgueira Valverde con algúns ultreyas e xuntos todos imos á facer as visitas de cumprido: o alcalde, o gobernador, o presidente da Diputación, o director do Istituto, etc. Cando ibamos ao Goberno apareceu o Rufo e don Alvaro perdonóulle e quedaron tan amigos.

A visita que más me impresionou foi a do Istituto, onde nos esperaban os profesores Sres. Borrás e Vilanova. O edificio é monumental. Vimos a biblioteca que ten máis de 10.000 exemplares, entre eles algúns incunables preciosos. Vimos un impreso o 18 de marzo do 1450, sobre o que o bibliotecario Sr. López Villamil diu unha verdadeira conferencia. Este señor mostrounos o catálogo e diunos todo xeito de explicacions.

Visitamos logo o gran paraninfo, donde me emocionou ver a bandeira galega ao lado da bandeira da república, o gabinete de Historia Natural que é moi surtido, o de Física, o de Agricultura, etc. Na dirección vimos un retrato do grorioso profesor Ramón y Cajal e unha foto da parte da biblioteca vaticana que fai pouco se fundiu. Na aula de D. Ramón Sobrino vimos a sua formidable colección de esculturas e, entre elas, o noso triskele tal cual o facían os galegos antigos cinco séculos antes de Cristo.

Eran más das duas cando saímos do Istituto. Cada un de nós foi convidado pol-a familia dun compañoiro pontevedrés. A min tocóome ir á xantar á casa de D. Alvaro de Losada, tio de Santiago Flórez de Losada, que é un gran señor, fidalgo, que me encoube de atencions e cariños.

Cerca das tres xuntámonos todos outra vez no local de *Labor Gallega*, e saímos todos xuntos pra Monteporreiro.

No camiño vimos un pazo moi sinxelo onde viviu e escribiu o famoso fraude galego

## NÓS

P. Sarmiento, un dos más amantes e groriosos fillos da nosa patria, e vimos tamén o famoso carballo de Santa Margarita, que terá más de cinco séculos, onde se xuntaban arredor do gran Faraldo os cospiradores da revolución galega de 1846.

Despós chegamos á granxa de Monteporreiro, descansamos un pouco, e visitamos as instalacions que son moi modernas e perfeitas; dá ideia o saber que ao mes saen dei-qui 18.000 ovos. Esta granxa é dun señor millonario que se chama D. Casimiro Gómez. A min góstame moito o saber que un home de tantos cartos se preocupa por crear unha industria máis no noso país. Vimos tamén o antigo balneario de Lérez, á beira do río, moi feo e antiestético, e logo de descansar e xogar un pouco tempo, emprendimos o regreso á cidade.

Dadas as oito fumos á Coral Polifónica que ten un bó local, moi ben preparado, cunhas preciosas reproducions da *Cantoria* de Luca della Robia. Esta coral é a más famosa de Galiza e acaso de España; seu director o ilustre Sr. Blanco Porto recibenos meigamente, non pode estar más amable con nós. En vez de ensaiar, cantan pra nós un programa que o Sr. Filgueira dispón. Ouvimos un precioso villancico do século XVIII, de Melchor López, unhas canticas do Rei Sabio armonizadas por Tafall, un alalá de Ourense que canta moi ben o señor Bóveda, a maravillosa canta de Martín Codax.

### Ondas do mar de Vigo.....

e tres encantadoras copras populares armonizadas pol-o P. Luis Fernández. A que más me gusta é unha que dí:

Vente sentar ao meu lado  
tí nunha pedra i-eu noutra,  
asi choraremos xuntos  
a nosa fortuna pouca.

Regresamos en auto á Misión porque se fixo moi tarde e á pé ainda tardariamos moi-to en chegar.

Despós de ceiar D. Alvaro mostrounos o *Album Nós*, de Castelao, e foinos expri-

do o significado de todos os dibuxos, que son impresionantes. Un verdadeiro mitin que nos gustou moito. Eu creo que si todos os galegos tivesen na sua casa este album eran todos nacionalistas. Teño moitas ganas de conocer ao Sr. Castelao. Na cea acompañounos o capataz D. Manuel que é moi bó e nos quere moito; por certo que D. Manuel dába-

lle sempre a razón á D. Alvaro, e nos dixo que o dia en que os labregos se decaten de estas cousas, en Galiza faráse unha revolución e a nosa Terra será a más rica e a millor do mundo.

Deitámonos cerca de media noite.

MIGUEL ROIG LESTÓN

### VINTEDOUS DE MARZAL.

**C**ERCA das nove despertame Carlos Padín que é o xefe de dia; un rapaz de Vilagarcía moi simpático que foi o que quixó o outro día darré un susto á Isla facendo de estadea, e me tuvo desperto non sei hasta que hora.

Pasamos a mañán traballando nos diarios, despois de visitar as cocheiras dirixidos por D. Manoel.

Despois de mediodía xantamos, e logo vamos á Pontevedra, donde en compañía dos irmáns da cidade imos a visitar os principais monumentos dirixidos polo profesor da Universidade D. Sebastián González. Por certo que un rapaz creía que este señor se chamaba Bastián Albor, acordándose dun libro de D. Alvaro.

Vamos primeiro á igrexa de Santa María que é fermosísima. Vémola detenidamente e o Sr. González danos sobre ela unha conferencia que demostra o moiñísimo que sabe. Hastra agora á min pareciame imposible que en galego se pudesen tratar temas científicos e resulta que o noso idioma préstase pra ésto millor que o castelán. O que mais me gusta de esta igrexa é a fachada, obra de Cornelio de Holanda. De esta igrexa tamén fala moi ben o Sr. Filgueira Valverde na sua *Guía de Pontevedra*.

Fumos despois ás ruiñas de Santo Domingo onde están enterrados moitos cabaleiros antigos como D. Sueiro Gómez de Sotomayor e D. Tristán de Montenegro. Nestas ruiñas hai un verdadeiro e rico museo cheo de aras romanas, escudos, cañóns, capiteles, pedras de sacrificios, miliarios e moitas outras cousas. Sin duda é a millor colección de Galiza. Logo fumos á bela igrexa de San Francisco onde se gardan as cinzas do inmortal

D. Payo Gómez Charino, troveiro e conquistador.

Despois fumos ao Casino onde nos obsequiaron con thé e regresamos á Misión. Traballamos nos diarios e ceamos.

Despois da cea D. Alvaro de las Casas pregúntanos, un por un, o significado de vinte palabras castelás que en Castela son de uso corrente. Estas palabras son

Poyo	terrado	ajada
Alcor	majuelo	porche
Anaquel	senara	tahalí
Teso	cecina	herrada
Collado	ajuar	alberca
Alifafes	hito	zafar
Zarco	hogaza	

Resulta que ningún o soupemos. Entón D. Alvaro nos dí:

«Hai moitos estúpidos que pregoan que na nosa Terra non hai un problema de idioma; din que eiqui todos sabemos o castelán e que a custión da lingua non ten importancia. Xa vedes que non é así. O senso destas verbas en Castela sábenlo os analfabetos, e eiqui non o sabedes vos que sodes estudiantes de últimos cursos de liceo, nin o saben os médicos, nin os abogados, nin o noventa e nove por cento dos galegos. Os señoritos das vilas creen que saben e falan castelán e din *rusrrido*, *esmagar*, etc. e non saberían nin estas vinte nin vinte mil verbas castelás que lles dixésemos. Eu nego que a nós podan obrigarnos leises escritas en castelán, sin tradución galega, porque a maior parte dos nosos compatriotas non-as entenden» (o Hilario é de Logroño, non sabe ler nin escribir, e sin embargo comprobéi que sabe todas estas palabras que non sabemos nós, e somos alumnos do Instituto.)



Os «Ultreyas» na primeira xerta no Viveiro Forestal de Piquedrido



Os «Ultreyas» que fixeron a xerta da Misión Biolóxica con Dom Alvaro das Casas

Logo deitámonos. Na cama ainda traballei no diario aproveitando que a luz estaba encendida, pois ao Isla, meu compaño de cuarto, dálle por lér hasta moi tarde. Oxe anda á voltas cun gran librote que se titula *Estética* e que está escrito por Hegel. Non

me interesa; non son home de Letras. Sempre preferín as Cencias.

Olivaba decir que tamén vimos oxe a iglesia de San Bartolomé, pero non me gustou nada.

RUFO P. GONZÁLEZ

## VINTETRÉS

**O**xefe de día Xohán Astorga espértanos as sete. Como oxe temos de andar moito non facemos ximnasia. Saimos pra Pontevedra e dende ali caminhamos cos camaradas pontevedreses, o Sr. Filgueira e algúns amigos máis, pra Marín. D. Alvaro váise directamente alá co Astorga, monte atravesa, por Salcedo e os altos de Lourizán.

Detémonos á descansar en Lourizán, vendo o palacio que foi de Montero Ríos; tamén vemos o colexió dos Placeres, onde estudan as rapazas de nosos fidalgos e xente rica.

Cerca das dez chegamos á Marín e comenzamos a visita ao polígono de tiro de Janer, dirixidos pol o segundo comandante Don Teodoro Leste, cabaleiro moi amabre, gran marino e entusiasta amigo dos ultreyas. Este señor é bondadosísimo e dunha gran cultura. Sabe moito o que dí.

Vemos o hangar dos hidroaviós e dámounos conta do seu mecanismo, vemos a galería dos telémetros, o cuarto do relox de correccións de tiro, a sala de punterías, os pañoles de pólvoras, as aulas de estudio o pabellón de oficiales, os cuarteles de mariñeira, os comedores, etc. etc. Noto que os mariñeiros viven moi ben, con calefacción e todo. Tamén vemos o casco do *Conde de Venedito*, vello barco de guerra que estivo nas batallas de Cuba e Filipinas.

Rematamos a visita á unha, quedando todos entusiasmados co que vimos, que é cosa nunca vista e que nunca máis volveremos á ver.

Imos á xantar no piñeiral da praia de Portocelo. Cada un trae a sua comida, pro faltannos algunas cousas e van por elas á vila tres ultreyas con D. Xosé Filgueira. Xantamos moi ben e moi alegres e contentos.

Cerca das tres embarcamos en Marín nun-

ha motora pra ir á Bueu. A motora costa dez pesos, pro convidanos D. Alvaro e non nos costa nada á ninguén. Apenas desatracam D. Alvaro fáise cargo do timón e todos pasamos algúm medo pois non sabemos si nos estrellará contra algúm baixo; menos mal que o patrón vai ao seu lado.

A travesía é preciosa pois vese un paisaxe bellísimo. O que máis nos gusta é Loira, un pobo todo branco que parece feito de palomares. Todos vamos cantando e cada un procura facelo o millor que pode pra quedar ben. Os de Noia cantan unhas canticas preciosas que me gustan moito.

Indo pol-o mar abaxo  
o aire rifóume a vela,  
nosa Señora da Creba  
diúme o pano para ela.

Pasei a ponte de Noia,  
paseina de pedra en pedra;  
co-as lagrimas dos meus ollos  
fixen encher a marcia.

Nós cantamos aquello de

Ai Salvora! Boca da ría  
que xa entrou a escuadra  
en Vilagarcía.

Os únicos que non cantan son os de Ourense, pro son moi bós rapaces, o Astorga moi culto e intelixente e o Remixio moi parrandeiro que nos faír sempre cos seus chistes e bromas.

Don Alvaro quere facer a atracada en Bueu, pro o patrón non o deixa e todos quedamos más tranquilos. Eso que o fixo moi ben e portouse como un mariñeiro de verdad.

En Bueu visitamos detenidamente a fábrica de conservas de Massó, que é das millo-

res do mundo. Teñen unha máquina que lle bota aceite ás latas, outra pra cravar os calxós, outra pra facer as chaves, outra pra facer os cravos; teñen máquinas pra todo. Esta fábrica fundouse en agosto do 1880, e agora ten, soio en existencias, cerca de catro millóns de pesetas. Chama moito a atención ver que todos os letreiros pol-as paredes están escritos en galego. Que ben si en todas as fábricas de Galiza fixesen o mesmo. Creímos que nos iban á regalar latas, pro non está o dono e non nos regalan nada.

Anoitecido saímos pra Marin outra vez. Ao zarpar poñémonos todos en pé e cantamos noso himno, o *Celtia*, que foi feito polos Sres. Filgueira e Iglesias Vilarelle.

El Armórica, Cornubia e Cambria,  
Escocia, Irlanda, Galiza,  
e a illa de Man.

Son as sete naciós celtas  
fillas do pai Breogán.  
Miña pátria Galiza,  
tí és e tí serás  
cos teus verdes agros  
o más quente fogar.

Son os sete cisnes brancos  
fillos dos Denanians.

Para tí miña pátria  
nos beizos un cantar,  
nos peitos a ledicia  
da nosa mocedá.

Chegamos á Marin de noite. Como están en huelga pol-a causa do ferrocarril, non hai tranvía e temos que volver tamén á pé. O camiño faixe moi longo; os máis pequenos cánsanse, sobre todo Chalo Pardo que non pode consigo.

Chegamos moi tarde á *Misión Biolóxica* e moi estragados; oxe anduvemos máis de cinco légoas. Ceamos con pouco apetito. Despois firmamos o seguinte mensaxe que mandamos á Ourense:

—«En nome propio e no das catro Luntas que representamos, e interpretando os deseños dos oitocentos rapaces irmáns que nestas horas de desacougo pensan por riba de todo en Galiza, queremos adicar á gloriosa cidade de Ourense unhas verbas de alento; á ese Ourense inesquecible que unha vez máis nos fai sentir o orgullo de ser galegos. Ei, Terra!»

E deitámonos, mortos de fatiga. D. Alvaro nou sei como aguantou tanto camiño.

CARLOS R. PADÍN

#### VINTECATRO DE MARZAL

**E**RGUÉMONOS tarde por causa do noso cansancio de onte; ó Remixio non hai quen o bote fora do leito; xa él de seu é moi dormilón, tanto más cun dia como o que pasamos. O derradeiro en erguerse é o Isla; non estrana: acaso pasou a noite á ller nesa gran biblioteca que trae na maleta. Bó rapaz, pro.... pouco rapaz. Xa fala de filosofía, de metafísica..... que sei eu.

A mañán entretémola traballando nos diarios e vendo as terras adicadas á labouras do millo. Xantamos e deseguida saímos pra Pontevedra onde nos agarða o Sr. Filgueira pra mostrarnos o museu.

O Museu é un belo pazo de estilo barroco do XVIII. Ó entrar óllanse uns cañós collidos por Pedro Madruga. Está dividido en varios salóns.

*Sala de pintura.*—(Explicación do Sr. Filgueira). Bastante longa, con coadros da escola castelán, framenca e italiana, especialmente. Orixinales de Zurbarán, de Correa de Vivar, de Metsys, etc. Copias de Teniers e moitos outros; gárdase tamén a copia más perfeita que se fixo do *Cristo de Velázquez*, por Gregorio Ferro; hai outra, moi boa tamén, do *Xuicio de París*, do Verónés, e do *Triunfo da Eucaristía* de Rubéns. Nesta sala óllanse tamén louzas de Sargadelos, unha boa colección de vidros, e uns magníficos torques de ouro. Chámame a atención unha vitrina con lembranzas de Méndez Núñez; non dí moi ben nesta sala, pro todo o disculpa o recordo do glorioso marino.

*Sala de arte galego.*—(Déixannos á nosa voluntade, sin explicarnos nada). Un tapiz persa que non sei por qué está aquí; a *Letreira de Eiroa*, coadros de Souto, Pintos,

Campo, Llorens, Sotomayor, Sobrino, o gran Castelao e outros máis.

*Secretaría* (moi discreta), *sala de privilexios* e recordos da vella Pontevedra, *sala de pesca* (etnografía e folklore) *cociña* do pazo (galeguísima), e *sala das cruces*. Esta ten unha das millores coleccións da Hespafía, chamando a atención as bizantinas, esmalta-das, e unha de cristal de roca elegantísima.

Tenho a impresión de que éste é o millor museo da miña terra, pola sua riqueza e sobre todo pol o gusto e modernidade con que está disposto. Ténolle ouvido ó Sr. Cuevillas que en Ourense temos cousas preciosas e de gran intrés, pro non hai modo de dispoñelas con este arre europeo con que cíquias amosiran. Paréceme que está todo débese ó entusiasmo e constancia do señor Filgueira, e á protección do Sr. Sánchez Cantón, ilustre galego que en ésto e das más grandes autoridades dos nosos tempos. Todos salmos encantados desta visita. Nas explicacións alternaron co Sr. Filgueira, D. Alvaro das Casas e D. Sebastián González. Lástima é que na sala de arte galego non teñan nada de noso Parada Justel.

Despois, xa anoitecido, fumos á casa do señor Iglesias Vilarelle, onde coincidiron D. Alvaro Xil, o Sr. Martínez e outros amigos máis. Leváronnos á galería, apagaron as luces, e fixéronnos ouvir no gramófono uns discos preciosos que nunca máis voltarei a ouvir na miña vida. Qué delicia! Escuítamos primeiro unha conferencia, unha verdadeira conferencia do Sr. Iglesias, en col da historia da música. Logo escuítamos de todo: emocionantes páxinas de música sagra cantada polos bieitos de Solesmes, os coros de *Petruska*, o minueto do *D. Juan* de Mozart, cousas en clavizembelo por Wanda Landouska, páxinas de Beethoven e Wagner, e os famosos romances de *Doña Alda* e *Camiña Don Sancho* que canta a Polifónica e que non lle poímos ouvir na nosa visita ó seu local porque lle faltaban elementos. O romance de Don Sancho gostou-me inmenso.

Camiña Don Sancho  
malfanciña fria,  
á terra de mouros  
por librar cautivos.

À beira da fonte,  
da fonte belida,  
as vendas de liño  
lavaba a mocinha.

De terra de mouros  
Don Sancho volvia,  
a alma na fonte  
deixara cautiva.

Estas xoias, tan ben cantadas, é lástima, como di o Sr. Iglesias, que non se poidau ouvir en discos más perfectos.

Regresamos á *Misión Biolóxica* todos moi emocionados. D. Alvaro non fala de outra cousa que dos bieitos de Solesmes e entusiásma-se falando deles con toda pasión. A verdade é que esta música relixiosa, ben cantada, é unha maravilla. Namentres parez que ó Rufo diulle un pouco de sono.

Noite de xoves santol.... Arestora na nosa terra de Ourense andarán as xentes na visita das irexas. Ten certo encanto a nosa cidade nesta noite. Eu lémbrome dela e con todo síntome feliz nesta paz da *Misión Biolóxica*, entre estes amigos e compañeiros á quienes un quere como si foran amigos de toda a vida.

Ceamos. Como mañán temos de erguer-nos ao romper o dia pra ir aos oficios de Poyo, en cuanto rematamos a cea imonos todos á deitar. Ademais estamos moi cansos.

Cuando chego ao cuarto o Remixio xa está durmindo; noto que en todos os cuartos a xente deitouse logo. Sin embargo eu non teño moito sono e pónome á ler o precioso libro *Pelerinaxes* do Sr. Otero Pedrayo. De súpito oí o timbre do teléfono, baixo ao escritorio do Sr. Gallastegui, e vexo que perguntan por D. Alvaro.

— Xa está no leito, digo.  
— Pois que se levante,  
— Non sei si xa estará durmindo.  
— Pois que o desperten.

O asunto debe ser grave e subo á chámalo. Don Alvaro acábase de deitar e está lendo nun libro; tira-se do leito e baixa mandando que me acoste. En pasados así como dez minutos, volveu arriba D. Alvaro, presentouse no meu coarto e dixome:

— Érguete, desperta á Remixio, que se er-

ga tamén e pasai ao comedor. A folga de Ourense vai á peor, houbo tiros, mortos e feridos, e agora dírmel que na serán voarán aropranos sobre a nosa cidade. Vou tratar de confirmar estas noticias e si son certas o millor é que salamos os tres pra alá nessa mesma noite. Chegaremos ao romper o dia.

Na miña vida pasei máis medo, nin sentín más indignación. Asustame o saber que andan aropranos sobre o meu pobo, que hai mortos, que pode pasarlle algo á miña familia, e indigname o que haxa un Goberno capaz de ametrallar á un pobo porque defende os seus dereitos. Quén me dera estar en Ourense pra andar tamén pol-a rúa loitando pol-o noso ferrocarril! Un dos que morreu foi Ortiz, meu compaño Ultreya, é matouno á tiros a guardia civil xunto ós soportales da catedral. Pobre rapaz!

Despero ó Remixio e xuntos os dous con D. Alvaro voltamos ao teléfono; D. Alvaro chama ó «Faro de Vigo» e «Pueblo Gallego» procurando máis noticias; chama tamén

ao goberno civil de Pontevedra. Dos tres sitios dín que non teñen apenas noticias, pro confiran o voo dos aropranos e ésto basta pra enchermos de angustia e intetú.

Estrañados por nosas subidas e baixadas e tanto chamar por teléfono, vánse desperando os demás compaños. Don Alvaro pidelles que se volvan á deitar, pro eles, sabendo do que se trata, non queren ir ó leito e prefieren pasar a noite en pé con nós, pra ir tamén á Ourense no caso de que nós vayamos. Moito nos emociona esta proba de compañoismo.

Despois das duas, esmagados de fatiga, e visto que D. Alvaro recibía mejores noticias, deitámonos. Eu non podo dormir coa tristeza que teño e a preocupación de que lle pase algo á miña familia. Qué ben se portan os obreiros de Ourense... Qué valente o probe Ortiz... E qué lástima non estar no noso pobo todolos ultreyas pra loitar tamén por Galiza.

XOHÁN ASTORGA ANTA

## 25. VIERNES

**D**ENANTES das seis xa estamos todos en pé. Oxe visitamos o mosteiro de Poio e ouvimos os oficios que cantan os frades mercedarios.

Imos en auto. Chegamos moi cedo. Os oficios non comienzan hasta as oito. A pé vai D. Xosé con Losadiña, Remixio e Astorga.

No adro da eirexa D. Xosé expícanos o desenrollo dos oficios que costan de catro partes: 1) lectura da pasión; 2) adoración da cruz; 3) procesión co Sagramento, e 4) misa de presantificados co cáliz consagrado.

Sinto unha sensación tristeira e loxana. O vello latín que salmodian estes padres, está embelecido por músicas celestiales. ¡Oh, vellos mosteiros de frades que gardades o recanto máis belo distes cantos relixiosos!

Entre nós hai algúns que non se caracterizan moito pol-a sua devoción, mais con todo, a emozón é tan grande, que imos todos á adorar a cruz coa fé dos vellos tempos.

Volta á pé. Finca de González Besada con

ruiñas do pazo de Sotomaior (casa dos Churruchoas).

Pontevedra. Dispensario antituberculoso. Propaganda. Sala de operacións. Rayos X (ollamos a caliveira dos compaños). Fólieos.

Vou á xantar co meu irmán Ramiro que estes días anda por Pontevedra e asistiu con nós aos latis de Poio. Tróuxome unha máquina fotográfica.

Café Derby onde topamos a D. Alvaro co Remixio e o meu irmán Fidel.

Pasamos a serán no local de *Labor Galega* falando das nosas cousas. Estudamos con D. Alvaro o Decálogo dos Ultreyas. Leo algúns libros da biblioteca.

\* \* \*

Remixio González Gándara é un dos dous ultreyas que viñeron de Ourense; é o máis ledo. Moi intelixente, moi bó amigo, 17 anos; estuda cuarto de maxisterio. Góstanlle moi os estudos pedagóxicos; a histórica tamén.

Os pedagogos que más lle gustan son Pestalozzi e Rousseau, os escritores Tolstoy e Víctor Hugo, e os poetas galegos Curros por enriba de todos. Pensa que pra refacer Galiza hai tres camiños:

Ultreya.

Política revolucionaria.

Seminario de Estudos Galegos.

Seus dous polos son: galeguismo e universalismo.

\* \* \*

Filgueira Valverde. Diuse ao galeguismo despóis de escutar unha conferencia de Otero Pedrayo.

Seu mestre foi Lousada Diéguez.

Parécelle heroica a labor feita polos intelectuais galegos.

As suas figuras galegas históricas son: Prisciliano, Xelmírez; dos precursores, Ponal; dos contemporáneos Otero, Risco e Castelao.

¿Orientación á seguir? Ultreyas e Seminario de Estudos Galegos.

Escritores ibéricos: Maragall.

Extranxeiros: Chesterton.

Seus poetas galegos son Amado Carballo e Bouza-Brey.

As suas obras preferidas son:

*Quexumes dos piños.*

*Pelerinaxes e Arredor de si.*

*A fiesta Valdeira.*

*Pancho de Rábade.*

## MARZAL, DÍA 26

ISLA Couto, que é o xefe de dia, espértanos ás oito; ás nove xa estamos todos preparados, desaunados, e traballando na granxa da Misión.

Pasamos a mañán traballando nos diarios e tomado as últimas notas. Don Alvaro manda á cidade ao Agra pra que traia catro pesos de dulces, e puros; oxe ven á xantar con nós D. Alvaro Xil e agardamos unha excursión do noso pobo. Hai que atendelos ben e D. Alvaro, noso rexente, é moi exprendido.

Cerca do mediodía chega un autobús co-a excusión de Vilagarcía; venen máis de carenta, con D. Xosé Núñez Búa. Cada un

*O ollón de vidro.*

Seus estilos preferidos: románico e barroco.

Seu filósofo, S. Agustín.

Traballa aos poucos, despóis de cear. O mes más fecundo, marzo.

Paisaxes: Ulla e ría de Pontevedra.

Aficións: lér, andar e parolar.

Música: popular, gregoriana e polifónica.

Seus odios: os cuartetos, o café e o socialismo.

Seus gostos: primitivos flamencos, vidros e lenzos.

\* \* \*

Os de Ourense son os más algareiros des- ta xeira. Andan sempre á desbotarse un do outro, pro son moi bós amigos e queren- se ben.

\* \* \*

Que pena non poder conocer ao Sr. García Vidal de quen todos falan tan ben.

\* \* \*

Que simpático é o Chalo Pardo! É o rapaz más pequeno, traveso e xoguetón dos ultre- yes de Pontevedra; loiro e forte semella un rillote dos antigos tempos céltas, nado nas montañas e criado no mar.

XAIME ISLA COUTO

trae a sua comida e nós soio temos que darlle auga. Visitan a Misión (os nosos coartos gústanlle moi á todos) e póñense á xantar. Chega D. Alvaro Xil e tamén nós nos ponemos á comer na cocinha, onde se está moi ben. Un verdadeiro banquete. Hai dulces pra todos.

Despós imos todos xuntos, en autobús á oíllar a repobración forestal. Sábado de gria! Gloria á Terra e á Natureza!

Os viveiros da repobración son estupen- dos e riquísimos. Todo é obra de D. Alvaro Xil (co inxenieiro Sr. Basanta) que é un home moi bo e moi entusiasta. Con nós tuvo amabilidades que non podremos esquecer na vida.

Xa de noitña regresamos á Pontevedra

pra inaugurar a exposición de pinturas dun compaño noso: Mario Granell. Fannos fotos, o mesmo que nos viveiros. Gran éxito. Todos din que a exposición é estupenda; solo neste momento Granell vende sete pinturas.

Cerca das nove vanse os excursionistas. Como nosa xeira remata oxe, Padín váise con eles aproveitando o viaxe.

Voltamos á *Misión*. Ceamos. Todos estamos moi tristes. Mañán acábase ésto; vámoss cada un pol o seu lado, e acaso non volvamos á convivir nunca, e dende logo nunca será con esta fraternidade que agora nos xuntou á todos.

A cocifreira Emilia, esta muller tan boa á quen non olvidaremos nunca, está máis triste que nós; colleunos cariño e dóelle apartarse de nós. Á noso D. Alvaro sóltanselle as bágoas. Todos estamos calados, cheos de tristura. Quén puidera vivir sempre nesta xuntanza! Agora decátome de que Ultreya fai milagros e que solo a nosa patriótica organización pode conseguir esta unión íntima entre todolos rapaces galegos. Cando somos homes, temos que devolverlle todo o ben que nos fai agora.

Ninguén quere deitarse. Todos quereríamos millor pasar a noite paseando pol o

xardín. Como temos de madrugar D. Alvaro fainos ir ao leito.

Eu non puedo dormir e penso que á todos lles acontece a mesma cousa pois noto que hai luz en todolos coartos. No leito de Padín durme agora Granell que se quedou pra marchar mañán conmigo. O Granell está fala que fala dándome un mitin, aproposito dos ultreyas. Di que si todos os mozos galegos estivesen na nosa organización Galiza sería outro pobo, unha verdadeira nación como debe ser. O Granell é comunista, pero en moitas cousas ten razón.

Eiqui temos de todo: rapaces das dereitas e das izquierdas, xentes de familias ricas e probes, pero nos levamos tan ben, querémonos tanto, que entre nós non hai disgustos e todos somos como verdadeiros irmáns.

No cuarto de D. Alvaro de las Casas tamén está a luz encendida; o probe está más triste que nós; él sí que quixera vivir toda a sua vida nesta comunidade.

Xa son as tres. Remato o diario e vou ver si podo dormir.

MANUEL REI LADO

NOTA.—Na páxina 215 líña 10 segunda columna di:  
Seus odios: os *cuarteles*, o *café* e o *socialismo*.  
Debe decir:  
Seus odios: os *cuarteles*, os *cafés* e o *sobrismo*.

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

UN LIBRO DE AMADEU SERCH

Amadeu Serch, acaso o colaborador máis eficaz de Barista Roca (eixe do movemento das xaventudes catalanistas), remata de publicar un interesantísimo libro: «L'Exemple de Xecosinovaguia» que fai o número oriental e catro da colección Barcino.

Estudo rápido, certeiro, aleacionador da nova república, coñecida en abundante bibliografía e ollada de perto na expedición de Palestra cando asistiu ó IX campamento de Soliols. Nova edición daqueles belos artigos publicados na Publicitat, non vran derradeiro.

Un pouco de xeografía, un pouco de historia, a ollada crara da loita arredista que coa vitoria conqueri o novo Estado, e o estudo —dedito, repousado, crarismo— do que supón a formidábel organizaçón dos sokols.

A obra de Serch é de por si un notable documento que por forza tem de ser estudiado por cantos queirán coñecer Xecosinovaguia, é unha cón máis prado o cadre da grande Europa que se está a facer; mais, con todo, seu imaxe maior fica en sere un guieiro pra os mozos que, no vello Estado noso paxan por liberar as antigas terras. Pra Cataluña (Palestra) o libro é un anaco de crónica; pra Galiza (Ultreya) ten xelito de sere un libro de profecías.

Cismen en col deste libro de Amadeu Serch os mozos rapaces, que polas suas páxinas val o derrotéiro do noso millor peripio.—A. das C.

\* \* \*

O «Ministerio de Instrucción Pública e Bellas Artes» da República española, por Orden de 22 do Outono de iste ano (*Gaceta* do 26) condéna o estilo á unha obra prima do arte galego medieval, «Sintiendo suadades» escabán no Museu Arqueolóxico de Madrid as tres pezas capitales da nosa escultura románica dos piates de San Paio de Antas, como dixo o seu historiador o arqueólogo D. Xesús Carro; mais agora, espirituadas, co desacongo pol-o lonxano, galegas i-emigrantes ó fin, separanse as tres irmáns marmóreas, pola a columna que ten representados en relevo os apóstoles Simón, Matías e Xudas vanse pra os Estados Unidos a figurar entre as xolas do «Fogg Art Museum» de Cambridge. Na sua compañía van un capital doble do s. XIII de Aguilar de Campoo e vinte e catro estudos de bronce de Despeñapetros e Castellar de Santiesteban con más doce pezas de cerámica pintada da necrópoli de Galera e Peal do Becerro. O sacrificio da nosa peza suprema servirá pra que o Fogg Museu devolva o sartego de Alfonso, fillo do Conde Pedro Ansúrez que foi levado de Sahagún, (Malia de quien nos brinda protección e maldona as almas da nosa espiritualidade! De elqui en adiante Simón, Matías e Xudas, dende a friaxe do seu mármo galego venireiro avivarán o remorso predoer na nosa alma desleigada.



## A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
UNICO EN EL MUNDO



O Xabróñ da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro

MERQUE VOSTE DE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA QUOS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.  
VÉNDENSE EN TODOLOS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE — OURENSE

**Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo**  
**Santiago de Galicia**

De los Profesores

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

**FOTOGRABADO**

Si quer quos seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, convenible envialos a es  
Talleres de fotografiado **ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24; Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequira as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA

HORTAS, 20

SANTIAGO